



PROCEDEMENTO DE RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR Curso 2024/2025

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR **CONVOCATORIA**

De conformidade coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, a XUNTA ELECTORAL deste centro dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. Corresponde elixir no presente proceso electoral a 2 pais/nais, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado e incluídos no Censo correspondente que está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día de 12 novembro, ás 12.10 horas. A dita mesa electoral estará composta pola Dirección, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 13 ao 18 de novembro, ambos días incluídos. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral. O día 19 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 7.- As votacións realizaranse Na aula de Polos Creativos do centro o día 20 de novembro, de 13.30 a 15.00 e de 19.00 a 20.00 horas. A mesa electoral constituírse, en acto público, o mesmo día ás 13.25 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar 1 nome das candidaturas presentadas, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
- 10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do centro.
- 11.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cangas, 29 de outubro de 2024

O director

José Damián Ríos Calvar